

CARBALLÉS DO ANO 2014 D. JESÚS ANTELO QUINTÁNS

Falar de Cances e a súa parroquia nos últimos case 50 anos é falar do seu crego D. Jesús, pois é o seu párroco nada máis e nada menos que desde 1967.

Jesús Antelo Quintáns naceu o 22 de maio de 1941 non lonxe de aquí; na parroquia de Rial, no concello de Val do Dubra.

Cursou os estudos no Seminario de Santiago de Compostela, e ordenouse sacerdote o 4 de agosto de 1964 na Igrexa de San Martiño Pinario, tendo o seu primeiro destino como Coadxutor en Carballo. Alí compaxinou o traballo eclesiástico co de mestre na Academia Leus. Lembra daquela época que organizou quizais a primeira excursión do catecismo –coa oposición do párroco D. Venancio-. Tamén organizou naqueles anos unha excursión a Asturias, que supuxo para moitas mozas e mozos saír por primeira vez de Carballo.

En 1967, trasládase a poucos quilómetros da capital do concello, facéndose cargo da parroquia de San Martiño de Cances. Durante uns meses compartiu o posto co párroco emérito D. Tomás Dosil, moi querido na parroquia e que faleceu a finais daquel ano.

No ano 1975, retomou a faceta de ensinante e empezou a dar clase no recentemente inaugurado Instituto de Bacharelato Alfredo Brañas, onde permaneceu dando clases de relixión ata a súa xubilación. Moitas xeracións de estudantes de toda a comarca de Bergantiños foron alumnos de “D. Jesús de Cances”, como se lle chamaba para distinguilo do outro crego docente D. Jesús Barrientos, que era “D. Jesús das Monxas”.

Desde que está en Cances, veu realizando substitucións doutros cregos da zona cando foi preciso. E así, estando de crego en Verdes, inaugurouse o Refuxio, en cuio evento colaborou.

Un dos primeiros obxectivos que se marcou ao chegar a Cances foi que tódalas casas da parroquia tivesen auga corrente, servizo do que carecían naquel momento. Logrouno. Tamén xunto cun mestre chamado Ignacio Dosil Maneiro creou unha cooperativa gandeira para venta de leite e compra de diversos produtos para o gando, nunha época en que o cooperativismo era infrecuente.

Decatouse de que a única estrada que había era a que ía á igrexa. O resto das vías para chegar aos distintos lugares da parroquia eran corredeiras. Por iso incentivou e colaborou activamente xunto co resto de veciños, con traballo manual, en facer vías decentes para comunicar os diversos lugares.

Logrou que se construíra unha escola infantil para os nenos máis pequenos, que curiosamente foi inaugurada como mestra por María Fuentes, a parella do outro Carballés da presente edición.

Como anécdota, en 1968 houbo un terremoto que votou abaixo o teito da Ermida de S. Pedro. O quedar en ruínas, D. Jesús aproveitou, coas aportacións dos veciños, para facer unha capela máis grande, que é a que hoxe en día existe.

Desde o punto de vista asociativo, sempre se preocupou pola unidade e participación social da parroquia, tendo un papel activo na creación da Asociación Cultural San Campio e na Asociación de Veciños, referentes asociativos na nosa Comarca.

Pelexou pola construción dun campo de fútbol, o que tamén logrou, e xa nos últimos tempos por un centro social, que é usada intensivamente polas distintas asociacións da parroquia.

Ademais, desde sempre foi un colaborador moi activo de Cáritas de Carballo.

Desde hai uns dez anos, forma parte da unidade pastoral de Carballo, formada por catro cregos, que abarca as parroquias de Carballo, Bértoa, Lema, Lemaio, Vilela, Razo, Oza, Cances, Sísamo, e Goiáns, para atender as necesidades pastorais. Directa e fundamentalmente ocúpase das parroquias de Cances, Bértoa e Razo.

Boa mostra da pegada que tén deixado en Cances é que en 2014, coa celebración das vodas de ouro como crego, os veciños e veciñas da parroquia agasallárono cunha emotiva homenaxe.

Gústalle recordar que ten colaborado co finado Manuel Rega en diversos eventos nas festas de S. Cristovo en Carballo, como un campionato de España de Motocross no desaparecido circuíto do Campo da Feira, corridas de touros no antigo campo de fútbol de Pedras Brancas, ou un campionato de España de Boxeo no que disputara o título o boxeador JoséLegrá.

Como se ve, obxectivo que se marcou, obxectivo que acadou.

Como promotor e defensor dos altos valores humanos, sociais, solidarios e relixiosos, recollendo o sentir popular desta comunidade, vimos en proclamalo Carballés do Ano 2014.

